

# BASES CONCURSO DE DISFRACES Gran Entroido Meco

O Grove, 17 de febreiro de 2026

## OBXECTO

**Primeira.-** O Concello do Grove convoca este concurso co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais e tradicionais do municipio, en especial do Entroido.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento da concesión de premios do Concurso de Disfraces do Gran Entroido Meco 2026 que se vai celebrar o martes 17 de febreiro de 2026.

## CRÉDITO ORZAMENTARIO

**Segunda.-** Para a concesión dos premios obxecto desta convocatoria, destinaranse os créditos globais de 7.125,00 €.

**Terceira.-** Poderán participar no Concurso de Disfraces do Gran Entroido Meco 2026 as persoas físicas, asociacións, entidades e persoas xurídicas legalmente constituídas así como agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade, que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases e se inscriban para participar no concurso.

Para poder cobrar os premios, as persoas ou agrupación que resulten premiados, deberán estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social e non ter débedas co Concello do Grove, presentando unha declaración responsable e autorización expresa para a consulta directa pola administración das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indícalo na declaración e achegar os correspondentes certificados acreditativos.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar a cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro e o importe da subvención a aplicar a cada un deles imputaráselle todo ao representante.

## CONCURSO DE DISFRACES

**Cuarta.-** O desfile terá lugar o martes 17 de febreiro, a partir das 17.00 h, co seguinte percorrido: saída dende O Corgo, Beiramar, Luís Casais, Castelao, Rúa da Praza, Beiramar, Luís Casais e de novo Castelao, rematando o desfile no Corgo. O itinerario poderá ser modificado por parte dos corpos de seguridade ou a organización se é preciso para garantir un correcto desenvolvemento do desfile.

Todos os participantes no concurso están obrigados a pasar dúas veces pola rúa Castelao para optaren a premio, e unha vez rematadas esas dúas voltas, deberan rematar o desfile na zona habilitada a tal efecto na praza do Corgo

O desfile será organizado por categorías e os participantes deberán respectar a orde asignada no desfile, atendendo as correspondentes normas de seguridade (anexo I).

**Quinta.-** Para optar a premio é obrigatorio realizar a inscrición (Anexo II), na que deberán facer constar en que categoría queren participar.

As inscricións serán gratuítas e poderán realizarse de dúas formas:



- Inscripción en formato electrónico. Poderá realizarse desde o día seguinte ao da publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o domingo 15 de febreiro. Enviarase a folia de inscrición, Anexo II, xunto co Anexo III no caso das carrozas, ao enderezo de correo electrónico [entroidodogrove@concellodogrove.es](mailto:entroidodogrove@concellodogrove.es). A organización asignaralles un dorsal que identificará a categoría, a cal lles será entregada o propio día do desfile antes das 16.45 h.
- Inscripción presencial. Realizarase antes do comezo do desfile na mesa da organización, que estará situada na Casa do Concello, **dende as 15.45 h ata as 16.45 h**. Aos participantes proporcionaráselles un dorsal que identificará a categoría. No caso das carrozas, deberá presentarse a ficha de inscrición e documentación indicadas no anexo III das presentes bases.

**Sexta.-** Establécense as seguintes categorías e premios (as contías están suxeitas á correspondente retención fiscal):

Categoría	Subcategoría	Premio	Contía (euros)
<b>Adultos (máis de 14 anos)</b>	Grupos de máis de 12	Primeiro	1000
		Segundo	700
		Terceiro	500
	Grupos de ata 12	Primeiro	800
		Segundo	500
		Terceiro	300
	Parellas	Primeiro	200
		Segundo	150
		Terceiro	100
	Individuais	Primeiro	150
		Segundo	100
		Terceiro	50
<b>Infantil (ata 14 anos)</b>	Grupos	Primeiro	800
		Segundo	500
		Terceiro	300
	Parellas	Primeiro	200
		Segundo	150
		Terceiro	100
	Individuais	Primeiro	150
		Segundo	100
		Terceiro	50
<b>Choqueiros</b>		Primeiro	100
		Segundo	75
		Terceiro	50

**Sétima.** Os membros do xurado serán nomeados pola organización e a súa decisión será inapelable.

O xurado valorará a todos os concursantes durante o percorrido do desfile tendo en conta non só a categoría do disface, senón tamén a participación activa e humorística durante o desfile.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar deserta algunha das modalidades ou categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes, ou se non se consideran cun mínimo de traballo e orixinalidade.

O xurado resérvase o dereito de desqualificar aquelas persoas con disfraces que, ao seu xuízo, podan resultar ofensivos, de dubidosa interpretación ou que non cumpran as normas que, ao longo do desfile, vaia transmitindo o persoal da organización, que irá debidamente identificado.



**Oitava.** O Concello do Grove resérvase a potestade de fotografar e/ou gravar os participantes, así como a utilización destas fotografías e gravacións para a promoción deste.

**Novena.** Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile e realizarase a súa entrega, a partir das 20.30 h, no Pavillón dos Deportes en Monte da Vila, facéndose entrega dun diploma acreditativo do galardón. Para este acto só poderán acceder as persoas disfrazadas e demais publico sen ningún tipo de carroza ou vehículo.

O pagamento dos premios farase mediante transferencia bancaria e, para o seu cobro, as persoas representantes dos disfraces premiados deberán achegar a seguinte documentación:

- Xustificante do premio
- Fotocopia do NIF das persoas representantes e o CIF no caso de asociacións ou persoas xurídicas legalmente constituídas.
- Certificación/s bancaria/s para ingreso
- Modelo anexo cuberto
  1. No caso de persoas físicas ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade anexo A.
  2. No caso de persoa xurídica anexo B.

**Décima.** O Concello do Grove, como organizador deste evento, pode contratar servizos ou establecer convenios de colaboración para a súa xestión ou realización con terceiros, tendentes a mellorar a organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou internet, renunciando expresamente os participantes -coa aceptación destas bases- a calquera reclamación por posibles difusión ou explotacións que será, en todo caso, responsabilidade do Concello do Grove.

**Décimo primeira.** Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado pola organización, en beneficio do bo funcionamento do concurso.

**Décimo segunda.** As carrozas, camións e vehículos que queiran participar no desfile deberán asinar o Anexo III e cumprir a normativa que nel se establece.

**Décimo terceira.** A mera inscrición e participación no Concurso de Disfraces da Gran Marcha do Entroido Meco supón a total aceptación de todas e cada unha das cláusulas das presentes bases e o veredicto do xurado.

O Grove, xaneiro de 2026



# ANEXO I. NORMAS DE SEGURIDADE

## 1. NORMAS XERAIS

- 1.1.** Poderán participar no desfile tódalas persoas físicas ou xurídicas, entes privados e organizacións populares que así o soliciten ao Concello do Grove e sexan aceptadas por este, de acordo cos requisitos de inscrición.
- 1.2.** O público, os membros da organización, os concursantes e, en xeral, tódolos asistentes ao desfile son merecedores do máximo respecto, polo tanto, tódolos participantes deberán ter un comportamento correcto.
- 1.3.** Queda prohibida a participación no desfile de calquera vehículo a motor que non estea engalanado ou decorado, estando expresamente prohibida a participación de ciclomotores, motocicletas, triciclos a motor, quads, karts ou minimotos que non formen parte dunha unidade de participación no concurso. Tamén se prohíbe a participación de animais soltos.
- 1.4.** Non se permitirán alarmas, sirenas ou ruídos altos que poidan interferir con outras unidades. Queda prohibida a utilización de calquera clase de lume, xa sexan artefactos pirotécnicos, lanzadores de chamas...
- 1.5.** Tódolos participantes formarán parte do desfile pola súa conta e risco. O Concello do Grove non responderá por ningún dano, prexuízo ou accidente que os participantes e os seus vehículos puideran ter ou ocasionar a terceiros dentro do desfile.
- 1.6.** Queda prohibida a realización de espectáculos e sesións musicais que non dispoñan de autorización previa fóra do horario do desfile.

## 2. NORMAS RELATIVAS A CARROZAS OU VEHÍCULOS

### 2.1. Condicións xerais dos vehículos

1. Os carromatos, caravanas, carrozas e vehículos que participen no desfile deberán cumprir coa normativa vixente e dispor do seguro obrigatorio e do seguro de responsabilidade civil que cubra os danos a terceiros que se poidan ocasionar durante o percorrido desfile.
2. Cada vehículo que participe no desfile estará obrigado a levar un extintor en regra ademais do seu propio equipo de seguridade ou orde, composto por un número suficiente de persoas garantes dos mesmos, que estarán debidamente identificados para a organización e os espectadores. Estas persoas encargaranse de que ninguén interfira a marcha da carroza, nin que ninguén se achegue á mesma.
3. O Concello do Grove citará as características técnicas mínimas para formar parte do desfile, debendo posuír en bo estado os pneumáticos, sistema de freado, masas e dimensións que non comprometerán a estabilidade do vehículo, luces, aforo, accesos e equipamentos, entre outros.
4. Todos os elementos que poidan ser accesibles por persoas e animais non poderán presentar aparatos, dispositivos ou calquera outros materiais tales como arestas, ángulos, bordes, etc. que puideran ocasionar lesións. O motor e as pezas móbiles deberán estar protexidos e tódolos elementos que se atopen sobre a plataforma do vehículo deberán estar perfectamente ancorados ao mesmo.
5. A organización por si mesma ou mediante persoas delegadas encargaranse do cumprimento da seguridade das carrozas coas verificacións pertinentes antes do inicio do desfile. Así, quedarán fora do desfile aquelas carrozas que non cumpran os requisitos esixidos.

### 2.2. Requisitos dos condutores



1. Os condutores dos vehículos ou carrozas deberán estar en posesión do permiso de condución que acredite que posúen a autorización para circular pola vía pública con vehículos da clase correspondente ao que conduce no desfile.
2. Os condutores dos vehículos que participen decorados como carrozas no desfile de entroido deben manter a liberdade de movementos e unha adecuada visibilidade, tendo terminantemente prohibido o consumo de calquera tipo de bebida con gradación alcohólica.
3. O condutor do vehículo será o responsable de prever os posibles obstáculos de redes e infraestrutura eléctrica ou telefónica do percorrido. Deberán analizar coa debida antelación a ruta de acceso máis convinte ao lugar do concentración e colaborar en todo momento, cos organizadores do entroido e aos corpos de seguridade responsables.

### 2.3. Condicións técnicas das carrozas

**1. Dimensións máximas dos vehículos.** No caso dos camións que pretendan participar no desfile, a súa estrutura total será as seguintes:

- Lonxitude máxima: 9 metros
- Altura máxima: 3,5 metros
- Anchura máxima: 2,5 metros

No caso das coches e motos que pretendan participar no desfile, a súa estrutura total será a seguinte:

- Lonxitude máxima: 5 metros
- Altura máxima: 2,5 metros
- Anchura máxima: 2 metros

As plataformas remolcadas por tractores tampouco poderán exceder no seu total desas medidas. As carrozas, plataformas remolcadas e demais vehículos que superen estas medidas estipuladas non poderán participar no desfile.

**2. Documentación dos vehículos.** Os vehículos participantes deberán dispoñer da seguinte documentación:

- Permiso de circulación.
- Impreso de ter superado coa ITV.
- Permiso de condución do condutor.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil que cubra os danos de terceiros que se poidan ocasionar durante o percorrido do desfile.
- Certificado documento que acredite que os extintores (cando sexan requiridos) se atopan en vigor.

Toda esta documentación obrigatoria deberá estar dispoñible e ser amosada aos corpos de seguridade no caso de que lle sexa requirido.

**3. Autorización de participación.** A organización reservase o dereito de admitir ou rexeitar as carrozas, vehículos ou camións que non estean en posesión dos permisos obrigatorios ou que non reúnan as características oportunas para manter o nivel, a seguridade e a calidade do evento. A autorización que outorga a organización para participar só se limita ao percorrido do desfile.

### 2.4. Desenvolvemento da participación

1. Os vehículos que participen decorados como carrozas no desfile deberán en todo caso respectar as normas de tráfico e R.D. 2822/1998 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.
2. As carrozas e vehículos deberán manter unha distancia de seguridade adecuada entre elas, de tal xeito que se permita a súa detención sen alcanzar á que precede.



3. Queda totalmente prohibido que os vehículos ou carrozas estacionen ou se deteñan no circuíto destinado ao desfile de Entroido, agás causas xustificadas ou indicación da organización, quedando estacionadas ao remate do mesmo na zona habilitada na zona do Corgo.
4. Non se permitirá ás persoas subir ou baixar das carrozas mentres estas se atopen en movemento e participen no desfile.
5. O aforo das carrozas debe ser o adecuado e non exceder o mesmo en ningún momento. Para o cálculo do aforo máximo de persoas na plataforma libre do vehículo aplicarase a seguinte fórmula: 1 persoa por metro cadrado.
6. Prohíbese arroxar dende a carroza calquera elemento ou obxecto que poda causar danos ou lesións.
7. Non poderá circular nas carrozas ningún menor sen supervisión.
8. Para dar orde ao desfile, facilitar unha maior fluidez e evitar os embotellamentos, tódalas carrozas deberán acatar as indicacións da organización e corpos de seguridade e seguir un percorrido obrigatorio que garanta un mellor desenvolvemento do evento.
9. Os vehículos que participen no desfile sen excepción, deberán pasar dúas voltas obrigatorias pola rúa Castelao e unha vez finalizadas, deberán rematar o desfile na zona habilitada no Corgo.



**ANEXO II. FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO DE  
DISFRACES GRAN ENTROIDO MECO 2026**

<b>Nº</b> <i>(A cubrir pola organización)</i>	
<b>Categoría</b> <i>(marque cun X)</i>	<input type="checkbox"/> Adultos <input type="checkbox"/> Infantil <input type="checkbox"/> Choqueiros
<b>Subcategoría</b> <i>(marque cun X)</i>	<input type="checkbox"/> Grupo + 12 <input type="checkbox"/> Grupo ata 12 <input type="checkbox"/> Grupo Infantil <input type="checkbox"/> Parella <input type="checkbox"/> Individual
<b>Data inscrición</b>	
<b>Número participantes</b>	
<b>Nome do Disfrace</b>	
<b>Carroza</b> <i>(marque cun X)</i>	<input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON
<b>Persoa de contacto</b>	Nome: _____ NIF: _____ Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

**Datos necesarios no caso de ser premiado:**

<input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Persoa física	Anexo A
<input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Agrupación de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade	Anexo A
<input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Asociación legalmente constituída	Anexo B

A sinatura deste documento supón a aceptación das presentes bases.

O Grove, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do representante

**Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos**

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na ficha de inscrición (Anexo II) e na documentación que o acompaña para a realización de actuacións administrativas .**

**Información básica sobre protección de datos**

Responsable	Concello do Grove
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no de exercicio poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados/as do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar toda a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo electrónico: <a href="https://concellodogrove.sedelectronica.gal/privacy">https://concellodogrove.sedelectronica.gal/privacy</a>



**ANEXO III. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE DE ENTROIDO 2026 (CARROZAS)**

Poderá solicitarse documentación acreditativa da información indicada na solicitude

<b>APELIDOS</b>		<b>NOME</b>	
<b>DATA DE NACEMENTO</b>		<b>DNI</b>	
<b>DOMICILIO</b>			<b>TELÉFONO</b>
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>			
<b>EN REPRESENTACIÓN DA CARROZA</b>			
<i>Indicar título da carroza</i>			
<b>DIMENSIÓNS DA CARROZA OU VEHÍCULO</b>		<b>DESCRIPCIÓN DO VEHÍCULO</b>	
ALTO _____ metros		Matrícula _____	
LONGO _____ metros		Antigüidade _____	
ANCHO _____ metros			
<b>DOCUMENTACIÓN DA QUE SE DEBE DISPOÑER NO MOMENTO DA SOLICITUDE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Permiso de conducir</li> <li>• Permiso de circulación</li> <li>• Certificado da ITV</li> <li>• Póliza de seguro de responsabilidade civil</li> </ul>			
<p>A sinatura deste documento supón a aceptación das bases e expresamente do cumprimento das normas de seguridade recollidas no Anexo I.</p> <p style="text-align: center;">O Grove, ____ de _____ de 20__</p> <p style="text-align: center;">Sinatura do representante</p>			

**Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos**

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados no Anexo III e na documentación que o acompaña para a realización de actuacións administrativas .**

**Información básica sobre protección de datos**

Responsable	Concello do Grove
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no de exercicio poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados/as do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar toda a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo electrónico: <a href="https://concellodogrove.sedelectronica.gal/privacy">https://concellodogrove.sedelectronica.gal/privacy</a>



**ANEXO A**  
**AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS SEN PERSONALIDADE**

As persoas que asinan abaixo con números de NIF, **DECLARAN:**

1.- Que con data \_\_\_\_\_ procedeuse a constitución do Disfrace \_\_\_\_\_ para participar no Concurso de Disfraces do Gran Entroido Meco 2026.

Que nesta data nomeouse como representante deste disfrace para a participación no Concurso de Disfraces do Gran Entroido Meco 2026 convocado polo concello de O Grove a Don/Dona \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ enderezo en \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_ Tfno. \_\_\_\_\_ Enderezo electrónico \_\_\_\_\_

2.- Que a persoa representante deste disfrace non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da administración pública.

3.- Que como representante deste disfrace se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases e convocatoria reguladora dos premios.

4.- Que segundo dispón o art. 11 da Lei xeral de subvencións, quen asinan abaixo asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención en caso de percibir premio se aplicará mediante a súa división, entre o número de membros, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

5.- Así mesmo, tódalas persoas que asinan abaixo **DECLARAN:**

- a. Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de o Grove.
- b. Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas da Administración pública.
- d. Autorizar expresamente ao Concello do Grove á consulta directa de estar ao corrente das obrigas fiscais tributarias que resultan esixibles para o pago dos premios do Concurso de Disfraces do Gran Entroido Meco 2026.

Nome e apelidos	NIF	Sinatura

O Grove a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do representante



**ANEXO B**  
**ASOCIACIÓN LEGALMENTE CONSTITUÍDAS**

**NOME DA ASOCIACIÓN** \_\_\_\_\_ CIF \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_  
Localidade \_\_\_\_\_ Disfrace \_\_\_\_\_

**DATOS DO/A REPRESENTANTE:**

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_  
Tfno. \_\_\_\_\_ e-mail \_\_\_\_\_  
Relación coa entidade \_\_\_\_\_

**DECLARA**

- a. Que se atopa ao corrente nas súas obrigas co Concello de o Grove.
- b. Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c. Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas da administración pública.
- d. Autoriza expresamente ao Concello do Grove á consulta directa de estar ao corrente das obrigas fiscais tributarias que resultan esixibles para o pago dos premios do Concurso de Disfraces do Gran Entroido Meco 2026.

O Grove a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do representante

